

SERVIZO	COOPERACIÓN COS MUNICIPIOS
EXPEDIENTE	2026064365
ASUNTO	BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO IV PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

INTRODUCCIÓN

A Deputación de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ten atribuída a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, así como a garantía da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

A práctica da actividade física e deportiva constitúe un elemento esencial para o desenvolvemento individual e colectivo, non só polos seus efectos positivos na saúde e na calidade de vida da cidadanía, senón tamén pola súa contribución á promoción de valores coma a igualdade, a participación, a inclusión, a convivencia e a cohesión social. No artigo 43.3 da Constitución española establécese que os poderes públicos fomentarán a educación física e o deporte, facilitando a adecuada utilización do lecer.

No ámbito competencial local, nos artigos 25 da LRBRL e 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, atribúenselles aos concellos competencias propias en materia de promoción do deporte e xestión das instalacións deportivas. Pola súa banda, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establécese como competencia municipal a construción, ampliación, xestión e mantemento das instalacións deportivas de titularidade local, ao tempo que se lles atribúe ás deputacións funcións de asistencia aos concellos nesta materia.

Co obxecto de facilitar o exercicio destas competencias e tendo en conta as limitacións de recursos económicos e humanos que lles afectan a moitas entidades locais, a Deputación de Pontevedra considera prioritario reforzar o seu apoio institucional mediante a articulación dunha liña específica de subvencións destinada á modernización, mellora, ampliación e construción de infraestruturas deportivas municipais.

A forte demanda de investimentos neste ámbito e os resultados acadados en convocatorias anteriores poñen de manifesto a necesidade de continuar impulsando medidas que permitan garantir que os equipamentos deportivos públicos cumpran as

condicións de seguridade, accesibilidade, eficiencia e calidade esixibles para así contribuír ao desenvolvemento deportivo e ao benestar da cidadanía da provincia.

En consecuencia, ao abeiro do disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO) e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

As bases e a convocatoria do IV Plan extraordinario de infraestruturas deportivas teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este plan.

As finalidades subvencionables son as sinaladas a continuación:

- Construción de novas instalacións e espazos públicos de uso deportivo, así como a cuberta de instalacións deportivas.
- Modernización, remodelación e mellora de instalacións e doutros espazos públicos de uso deportivo.
- Dotación de equipamentos nas instalacións deportivas, así como de material deportivo de carácter inventariable.
- Adquisición de terreos destinados a uso deportivo.

Non serán subvencionables as actuacións en edificios ou instalacións de usos múltiples que non teñan carácter exclusivamente deportivo.

Será imprescindible que as actividades ou servizos que se desenvolvan nesas instalacións sexan, de forma real e efectiva, de competencia municipal.

Nos investimentos de obras, o importe do orzamento, así como o de cada solicitude de subvención será igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), IVE incluído.

No caso das subministracións, estas deberán ter carácter singular e natureza inventariable. O importe mínimo do orzamento e de cada solicitude de subvención será de cinco mil euros (5.000,00 €). Ademais, o orzamento deberá agrupar conceptos subvencionables de natureza similar.

O resto das subministracións que non constitúan un investimento por si mesmas e que supoñan a mellora, a construción ou a creación dun ben novo deberán integrarse nun proxecto de investimento.

Terá a consideración de gasto subvencionable a adquisición de terreos que resulten necesarios para a construción de instalacións e espazos destinados a uso deportivo, así como para a mellora, remodelación ou ampliación de infraestruturas deportivas.

Así mesmo, poderán ser subvencionables os gastos notariais, rexistrais e periciais asociados á adquisición destes bens, sempre que figuren expresamente recollidos na memoria xustificativa e valorada do ben que se pretenda adquirir.

No caso da adquisición de terreos, o importe do orzamento, incluídos todos os gastos anteriormente sinalados, así como o de cada solicitude de subvención, deberá ser como mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €).

Os investimentos que se integren no plan identificaranse con claridade, sen deixar lugar a ambigüidades, e deberá existir unha concordancia entre a denominación que figure na solicitude e a que conste no proxecto, documento técnico equivalente ou memoria valorada. Non se admitirán denominacións xenéricas.

No caso de investimentos de natureza similar ou homoxénea, estes deberán presentarse necesariamente nunha única solicitude e nun único proxecto, que poderá dividirse en lotes. Só se exceptuará a obriga de división en lotes cando o Concello acredite, mediante un informe motivado, que a execución independente por lotes dificultaría a correcta execución técnica ou xeraría problemas de coordinación ou doutra índole na realización das diferentes prestacións que integran o investimento.

En ningún caso estará permitido presentar solicitudes mediante proxectos independentes cando respondan a actuacións da mesma natureza co obxecto de posibilitar a súa tramitación como contratos menores.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da LXS, as axudas que se arbitren a favor dos concellos no marco deste plan rexeranse por estas bases.

Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG); a OXSDPPO; as restantes normas de dereito administrativo; e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio de 2026 e no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases

é o Pleno da Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referida á última actualización do censo na data de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.

Quinta. Financiamento

O financiamento deste plan ascende a oito millóns de euros (8.000.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao Orzamento provincial do exercicio de 2026, imputable á aplicación 2026/942.3420.762.95. Para atender esta convocatoria, se está a tramitar o expediente de modificación de crédito núm. 07/2026, polo que a súa eficacia queda condicionada á aprobación do devandito expediente.

Sexta. Procedemento de concesión e criterios de repartimento

As subvencións obxecto deste plan outorgaranse mediante o procedemento de concorrencia non competitiva. Serán beneficiarios todos os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo INE referida á última actualización do censo.

Deberán desestimarse, por incumprimento dos requisitos esenciais, aquelas solicitudes que non se axusten a estas bases ou que non acheguen a documentación preceptiva esixida.

O orzamento total do plan é de oito millóns de euros (8.000.000 €), cuxa distribución se realizará conforme á seguinte táboa:

DISTRIBUCIÓN		
	Criterio de repartimento	Total
Parte fixa	75.000 €/Concello	4.425.000,00 €
Parte variable	Poboación do concello/total de poboación	3.575.000,00 €
TOTAL		8.000.000,00 €

Para o repartimento articúlase un modelo mixto que combina unha asignación lineal fixa cunha repartición variable segundo a poboación. A asignación fixa (55,31 % do total) garante unha subvención de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €) para cada concello. Esta contía lineal asegura que incluso os máis pequenos dispoñan de recursos

para a modernización, remodelación, mellora, ampliación e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal, así como para a dotación do equipamento necesario para garantir a súa funcionalidade.

A repartición variable (44,69 %) distribúese de forma directamente proporcional á poboación, conforme ao número de habitantes do concello, segundo a certificación expedida polo INE.

A determinación dos importes individualizados que lle correspondan a cada concello darase a coñecer dentro dos dez (10) primeiros días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), sen prexuízo de que os concellos poidan consultar esta información a través do Servizo de Cooperación cos Municipios.

A Presidencia ditará unha resolución na que se aprobará a cantidade total de cada concello. A disposición efectiva do crédito realizarase de xeito singularizado para cada solicitude, logo da instrución do procedemento e verificación técnica e administrativa da documentación presentada.

Sétima. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios. Esta instrución comprende as seguintes fases:

1. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.
2. Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, en caso de ser necesarios.
3. Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios para aprobar a concesión da axuda. En caso de que a solicitude fose desestimada, motivaranse as razóns da desestimación.
4. Informe de fiscalización da Intervención de cada expediente de solicitude e do informe-proposta.
5. Propostas de resolucións definitivas, que se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.
6. Resolución do órgano competente, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte.

O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses e

computarase a partir do día seguinte ao de finalizar o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento deste prazo máximo sen notificárllelo aos potenciais beneficiarios lexitímaos para entender como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada esta, entenderase aceptada polos concellos, salvo que estes a rexeiten expresamente.

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse debidamente cubertas e nelas especificaranse a súa denominación, o orzamento total e o importe da subvención solicitada. A presentación realizarase por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

As solicitudes deberán ser aprobadas mediante un acordo do órgano municipal competente segundo corresponda, no que se indiquen expresamente a finalidade concreta e a contía que se solicita.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Novena. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este plan é de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na BDNS.

Décima. Simplificación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Para tramitar os procedementos de concesión e xustificación ao abeiro destas bases, os concellos presentarán unha declaración responsable do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra. Para tal efecto, os formularios de procedemento, tales como as solicitudes de subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a citada declaración responsable como instrumento de simplificación administrativa para axilizar a instrución dos expedientes.

Non obstante, de conformidade co disposto na normativa vixente en materia de subvencións, a Deputación poderá comprobar de oficio o cumprimento das devanditas obrigas mediante os mecanismos de interoperabilidade dispoñibles ou mediante os requirimentos que resulten procedentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas, ademais do formulario de solicitude que incorpora as declaracións pertinentes, achegarán a seguinte documentación obrigatoria.

Investimentos en obras:

- a) Proxecto técnico de execución (documento técnico ou análogo no caso dos contratos menores en obras), redactado e asinado dixitalmente.
- b) Resolución ou acordo do órgano competente do Concello polo que se aproba a solicitude de subvención, onde se especifiquen a denominación do investimento e o seu importe.
- c) Informe da persoa redactora do proxecto, avalado pola técnica ou técnico do Concello cando a redacción sexa externa, no que se deberá indicar expresamente se a execución do proxecto ou do documento técnico precisa ou non autorizacións sectoriais. Cando sexan necesarias, detalle destas.
- d) As autorizacións sectoriais que resulten preceptivas para a normal execución do investimento. De non dispoñer delas no momento de presentar a solicitude de subvención, deberá achegarse a declaración responsable de ter solicitado os permisos correspondentes, segundo o modelo de declaración incorporado ao formulario.
- e) Acreditación da titularidade dos terreos, bens ou instalacións nos que se pretenda realizar o investimento, consonte o disposto na base décimo oitava.
- f) No caso de actuacións en instalacións deportivas (pavillóns, complexos deportivos ou similares) deberá acreditarse, mediante un certificado ou informe suscrito pola ou polo técnico municipal competente, que o Concello exerce a súa xestión, así como a súa efectiva afección á prestación de servizos públicos de competencia municipal no ámbito deportivo. No suposto de novas instalacións, achegarase a declaración responsable na que se faga constar que estas estarán destinadas ao exercicio de competencias propias en materia deportiva, de conformidade coa normativa vixente en materia de réxime local.
- g) Declaración responsable de que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, segundo o recollido na base décima. Para tal efecto, os formularios de procedemento, tales como as solicitudes de

subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a citada declaración responsable.

A seguinte documentación terá carácter obrigatorio exclusivamente cando se dispoña das autorizacións sectoriais preceptivas. En caso de non contar con elas, a súa achega quedará diferida ao momento no que se xustifique o investimento, e a concesión da subvención estará condicionada á súa efectiva obtención.

- h) Acta de trazado previo, nos supostos nos que resulte esixible, conforme ao anexo I.
- i) Resolución ou acordo do órgano competente do Concello de aprobación do proxecto técnico (documento técnico ou análogo no caso dos contratos menores en obra).

Investimentos en subministracións

- a) Memoria valorada asinada polo persoal técnico competente.
- b) Resolución ou acordo do órgano competente do Concello polo que se aproba a solicitude de subvención, no que se fagan constar a denominación do investimento e o seu importe.
- c) No caso das subministracións que se instalen en espazos exteriores (por exemplo: elementos de calistenia, circuítos de exercicio ou elementos análogos), deberá acreditarse a titularidade municipal dos terreos ou ben a existencia dunha concesión administrativa, autorización, dereito de uso ou cesión destes que habilite a execución da actuación, consonte o disposto na base décimo oitava.

Así mesmo, achegárase un informe técnico suscrito pola persoa redactora da memoria, que deberá ser validado polo persoal técnico municipal cando a persoa redactora sexa externa, no que se indiquen as autorizacións sectoriais preceptivas. Neste suposto, o Concello deberá acreditar a dispoñibilidade das autorizacións sectoriais ou, no seu defecto, achegar unha declaración responsable de ter solicitado os permisos correspondentes, segundo o modelo de declaración incorporado ao formulario.

- d) No caso das subministracións que se instalen ou depositen en edificacións deportivas, deberá acreditarse a titularidade municipal destas, ou ben a existencia dunha concesión administrativa, autorización do dereito de uso ou cesión que habilite a súa utilización, consonte o disposto na base décimo oitava. Así mesmo, deberá acreditarse, mediante un certificado ou informe expedido pola ou polo técnico municipal competente, que o Concello exerce a xestión da instalación e que esta se atopa efectivamente afectada á prestación de servizos

públicos de competencia municipal no ámbito deportivo.

- e) Declaración responsable de que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, segundo o recollido na base décima. Para tal efecto, os formularios de procedemento, tales como as solicitudes de subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a citada declaración responsable.

A seguinte documentación terá carácter obrigatorio exclusivamente cando se dispoña das autorizacións sectoriais preceptivas. En caso contrario, a súa achega quedará diferida ao momento que se xustifique o investimento, e a concesión da subvención estará condicionada á súa efectiva obtención.

- f) Resolución ou acordo do órgano competente do Concello da aprobación da memoria valorada.

Adquisición de terreos

Para a adquisición de terreos, ademais da solicitude, o Concello deberá achegar a seguinte documentación.

- a. Memoria xustificativa e valorada relativa á adquisición dos terreos asinada polo persoal técnico competente.
- b. Resolución ou acordo do órgano competente polo que aprobe a compra de terreos destinados a uso deportivo, con indicación do seu importe.
- c. Resolución ou acordo do órgano competente polo que se aproba a memoria xustificativa e valorada da adquisición dos terreos.
- d. Declaración responsable de que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, segundo o recollido na base décima. Para tal efecto, os formularios de procedemento, tales como as solicitudes de subvencións ou de achega de documentación xustificativa dispoñibles na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>), incorporan a citada declaración responsable

Cando se cubra a documentación, teranse en conta as seguintes instrucións:

Os certificados deberán estar asinados pola secretaria ou secretario do Concello e pola persoa que teña atribuída a representación legal da entidade ou a competencia delegada.

As declaracións responsables, compromisos e demais documentos de natureza

declarativa deberán estar asinados pola alcaldesa ou alcalde ou pola persoa en quen delegue.

A documentación presentarse por medios electrónicos a través da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

No caso de que algún documento superase o tamaño máximo permitido ou tivese un formato non admitido e de que, tras efectuar os intentos necesarios, non resultase posible a súa presentación por vía electrónica, poderá, excepcional e unicamente nestes supostos, procederse á súa presentación presencial, dentro do prazo establecido e na forma prevista na normativa aplicable.

A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na citada Sede electrónica.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

De conformidade co disposto no artigo 68 da LPACAP, no caso de defecto, erro ou ausencia de documentación, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo de dez (10) días hábiles, con indicación de que, de non facelo, se lle terá por desistida da súa solicitude, logo da correspondente resolución.

Non serán susceptibles de emenda:

A falta de presentación do proxecto, documento técnico ou análogo, ou, no caso de investimentos en subministracións e adquisición de terreos, da memoria xustificativa valorada correspondente.

A falta de adopción dentro do prazo da resolución ou do acordo do órgano competente do Concello polo que se aproba a solicitude de subvención, no que se fagan constar a denominación do investimento e o seu importe.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato ou documento presentado dará lugar á perda do dereito á subvención, sen prexuízo das responsabilidades que puidesen esixirse conforme á normativa vixente.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación non poderán ser obxecto de manipulación ou modificación.

Poderanse empregar modelos propios de certificación sempre que respecten integramente o contido mínimo esixido nestas bases.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal> e <https://dehu.redsara.es/>. Estas entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralle ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo cuarta. Proxectos de obra

Os proxectos deberán ser redactados por persoal técnico competente e referirse

necesariamente a obras completas ou de aproveitamento separado; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra.

Todos os proxectos conterán, polo menos, a documentación establecida na normativa de contratos e axustarán o seu contido ás instrucións que se recollen nestas bases, segundo sexa o orzamento de licitación ou o total de execución no caso de que o realice a propia Administración.

Terán a condición de subvencionables os gastos das expropiacións que resulten necesarias para a execución das obras de infraestruturas ou ben para a futura ampliación das dotacións locais ou a prestación de servizos de competencia municipal de carácter deportivo.

Non se admitirán obras cuxo único obxecto sexa a demolición.

Os concellos poderán solicitar, cando sexan obxecto de contratación externa, o financiamento dos honorarios correspondentes á dirección de obra, á coordinación de seguridade e saúde e á redacción do proxecto, sempre que, no caso dos honorarios de redacción do proxecto, a súa adxudicación se producise durante o exercicio de 2026. No caso de que, de acordo co establecido nestas bases, por tratarse dun custo inferior a seis mil euros (6.000,00 €), non fose necesario adoptar un acordo de adxudicación, serán financiáveis os honorarios correspondentes á redacción do proxecto cuxa factura fose emitida despois do 1 de xaneiro de 2026.

Os proxectos de obra, consonte o recollido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), deberán comprender, cando menos:

- a. Memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa a estas, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta.
- b. Planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e os servizos afectados pola súa execución.
- c. Pregos de prescricións técnicas e particulares.
- d. Programa cuantificado de desenvolvemento dos traballos ou un plan de obra de carácter indicativo, coa previsión, se é o caso, do tempo e do custo.

- e. Orzamento, integrado ou non por varios parciais, coa expresión dos prezos unitarios e dos descompostos e, se é o caso, o estado das medicións e os detalles precisos para a súa valoración. No caso de incluír partidas alzadas, o seu importe non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material. Todas as partidas do orzamento deberán ser subvencionables; non se admitirán partidas de natureza administrativa, coma homologacións, licenzas ou o custo do cartel de obra, por ser a cargo da ou do adxudicatario.
- f. Estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- g. Estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se fagan unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, o que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- h. Estudo xeotécnico dos terreos nos que se vai executar a obra, agás que resulte incompatible coa súa natureza.
- i. Cando sexa necesario, un estudo topográfico para a definición correcta dos terreos nos que se vai executar a obra.
- j. Certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación, segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
- k. Na redacción dos proxectos de obra débese ter en conta a porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial, e as persoas autoras destes deberán ser técnicas competentes na materia obxecto do proxecto.
- l. Canta documentación estea prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

Os proxectos estarán suxeitos ás instrucións técnicas que sexan de obrigado cumprimento.

Naqueles proxectos de obra cuxo orzamento de licitación, excluído o IVE, sexa inferior a corenta mil euros (40.000,00 €), poderase presentar un documento técnico que simplifique, refunda ou incluso suprima algún dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para valorar, definir e executar a obra, sen prexuízo de que se deba elaborar un proxecto cando as normas específicas o requiran.

En todo caso, como mínimo, achegarse o seguinte:

1. Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, se recollan os antecedentes e a situación previa a elas, as necesidades que hai que satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e se detallen os factores de todo tipo que se deben ter en conta.
2. Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida.
3. O orzamento, as medicións e os detalles necesarios para valorar a actuación.
4. O estudo básico de seguridade e saúde e mais o de xestión de residuos, dos que só poderá prescindirse nos casos previstos na normativa específica que regula a obra.

Non se poderá facer referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto, incluso nos relativos a cálculos técnicos ou a outras referencias de calquera tipo (lumínicos, hidráulicos etc.). Admitirase, con carácter excepcional, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, de acordo co artigo 126.6 da LCSP, e deberá engadírselle a mención “ou equivalente”.

O Concello poderá solicitar, sempre que cumpra os requisitos establecidos na LCSP, a execución da obra directamente polo sistema de administración.

A redacción dos proxectos por administración axustarase á normativa vixente en materia de contratación.

A Deputación, en todo caso, supervisará e controlará os proxectos e terá especialmente en conta os prezos das distintas unidades.

Décimo quinta. Subministracións e adquisición de terreos

No caso das subministracións que constitúan un investimento por si mesmas, o Concello deberá achegar unha memoria valorada que incluírá, polo menos, a seguinte documentación:

- a. Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e a finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades que se van satisfacer e a xustificación da solución adoptada
- b. Orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada elemento e o número de unidades e co IVE desagregado. Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación “Etiqueta CE”. A

descripción dos elementos realizarase utilizando rangos de prestación, dimensións, características técnicas etc. para evitar limitar a competencia.

- c. Documentos gráficos para a correcta definición da subministración, se son necesarios.
- d. No caso de subministración e instalación de mobiliario/equipamento deportivo ou similar, será obrigatorio sinalar para cada elemento o lugar exacto da súa instalación no plano.
- e. Lugar e prazo de entrega.
- f. Prazo de garantía.

No caso da adquisición de terreos, o Concello deberá achegar unha memoria na que se xustifiquen a necesidade ou conveniencia da adquisición, o destino de carácter deportivo ao que se pretende afectar o ben, a referencia catastral e a súa valoración ou taxación.

Os concellos poderán adquirir terreos por calquera dos procedementos previstos no ordenamento xurídico.

As memorias relativas ás subministracións e á adquisición de terreos deberán ser redactadas e asinadas por persoal técnico competente.

Décimo sexta. Aprobación de proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas

Os proxectos, documentos técnicos ou memorias valoradas deberán contar coa aprobación do órgano municipal competente.

Non obstante, cando a aprobación estea condicionada á obtención dunha autorización sectorial emitida por outra Administración, entidade ou organismo, esta poderá realizarse logo da presentación da solicitude de subvención. Nestes supostos, a concesión da axuda quedará condicionada á achega, xunto coa primeira xustificación, do acordo ou resolución de aprobación do proxecto, documento ou memoria valorada, da acta de trazado previo (cando proceda) e da correspondente autorización sectorial.

Nos casos de convenios subscritos con outras administracións nos que estas asuman a redacción do proxecto e a execución do investimento, non será exixible que o Concello aprobe o proxecto técnico.

Décimo sétima. Achegas municipais

Se a entidade municipal debese asumir unha achega económica para financiar algunha das actuacións incluídas no plan, esta poderá ser financiada con fondos propios, con recursos procedentes doutras administracións públicas ou con fondos da

propia Deputación concedidos a través doutros plans, programas ou mesmo convenios.

Para estes efectos, as actuacións corresponderanse con competencias municipais en materia deportiva e os prazos de execución previstos no convenio, plan ou programa deberán ser compatibles cos previstos nestas bases.

En todo caso, cando un Concello traslade crédito desde outros plans, programas ou convenios da Deputación para financiar a súa achega municipal, a subvención que se conceda rexeráse polo disposto nestas bases, as cales prevalecerán sobre calquera outra disposición, agás en materia de execución e xustificación, para os que se aplicarán os prazos que resulten máis restritivos.

Así mesmo, cando a achega municipal se financie con axudas ou subvencións doutras administracións públicas, a execución e xustificación da actuación rexeráse polo establecido nestas bases, que prevalecerán sobre calquera outra normativa concorrente.

Décimo oitava. Titularidade

O Concello deberá ser, en todo caso, titular dos bens, instalacións ou terreos nos que se van realizar as actuacións obxecto de subvención, ben por ostentar a súa propiedade ou ben por dispoñer dun dereito de uso, cesión, concesión ou título habilitante equivalente. A cesión deberá ter unha duración mínima de cincuenta (50) anos, salvo que a vida útil prevista do investimento sexa superior, suposto no que á cesión deberá cubrir, como mínimo, o devandito período.

A titularidade acreditarase mediante unha certificación expedida pola Secretaría da entidade solicitante, na que se faga constar a súa inscrición no inventario municipal de bens ou, de ser o caso, a existencia dos acordos de cesión, concesión administrativa ou doutro título xurídico que habilite a entidade solicitante para executar o investimento.

Se, na data de finalización do prazo de presentación de solicitude, a cesión, autorización ou concesión administrativa necesaria se atopase en tramitación, o correspondente título habilitante poderá achegarse no momento da xustificación do investimento. Para estes efectos, deberá incorporarse á solicitude o informe da Secretaría municipal acreditativo do estado de tramitación do expediente.

Será requisito imprescindible que nos bens, instalacións ou terreos se desenvolvan ou presten por parte do Concello, de forma real e efectiva, actividades ou servizos de competencia municipal de carácter deportivo. Este requisito xustificárase mediante a achega dun certificado ou informe expedido pola técnica ou técnico municipal competente. No suposto de novas instalacións, achegarase unha declaración

responsable na que se faga constar que estas se destinarán ao exercicio de competencias propias en materia deportiva, de conformidade coa normativa legal aplicable.

Décimo novena. Autorizacións sectoriais e licenzas

O Concello será responsable de solicitar e obter cantos permisos e autorizacións sectoriais sexan necesarios para executar o investimento.

No momento de presentar a solicitude de subvención, deberá acreditar que dispón das correspondentes autorizacións ou permisos. No caso de que aínda non os obtivese, presentará unha declaración responsable de ter solicitado os que resulten preceptivos. Neste último suposto, a concesión da subvención quedará condicionada á obtención das correspondentes autorizacións ou permisos, que deberá acreditarse con carácter previo ou, en todo caso, xunto coa presentación da primeira xustificación da subvención.

Vixésima. Execución dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados o 31 de decembro de 2028. O incumprimento deste prazo dará lugar, segundo o caso, á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

Este prazo poderá ser prorrogado por un máximo de seis (6) meses, sempre que se acrediten circunstancias debidamente motivadas e xustificadas.

Os concellos contratarán os investimentos de acordo coa lexislación vixente en materia de contratación pública.

As obras serán executadas polos respectivos concellos conforme ao correspondente proxecto técnico de execución, documento técnico ou memoria valorada, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

A dirección das obras será nomeada pola entidade local contratante, que terá que informar a Deputación unha vez que se produza a designación. Calquera cambio na dirección técnica comunicaráse igualmente á institución provincial no momento en que teña lugar.

Os concellos deberánlle comunicar á Deputación os actos oficiais relativos ao inicio, á finalización e á inauguración dos investimentos financiados ao abeiro deste plan.

Para estes efectos:

1. Os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora na que terá lugar a comprobación da

implantación. A este acto poderá asistir, se así se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. Así mesmo, a entidade municipal deberá remitir un exemplar da acta de comprobación de implantación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión do financiamento concedido pola Deputación. Este cartel deberase colocar no momento da sinatura da devandita acta.

2. Os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e mais a hora do acto de recepción das obras ou, se é o caso, das subministracións de especial relevancia económica (cun importe de adxudicación igual o superior a 50.000 €, IVE excluído), ao que poderá asistir, se se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante ou facultativa da institución provincial. A Administración municipal deberalle remitir un exemplar da acta de recepción á Deputación.
3. De ser o caso, os concellos comunicaranlle á Deputación coa suficiente antelación, polo menos de catro días, a data e hora da inauguración oficial dos investimentos financiados con este plan, á que poderá asistir, se se considera procedente, a Presidencia ou unha persoa representante da Corporación provincial.

O incumprimento da obriga de difundir o financiamento concedido e, en particular, de colocar o cartel de obra ou de darlle publicidade ao financiamento das subministracións ou da adquisición de terreos, motivará a imposición de deducións sobre a subvención concedida, de conformidade co artigo 28 da OXSDPPO. En concreto:

- O incumprimento da obriga de difusión no caso das subministracións e adquisición de terreos ou a falta de colocación do cartel no prazo estipulado no punto primeiro da base vixésima dará lugar a unha dedución do 5 % da contía concedida.
- Se o incumprimento persistise unha vez transcorrido o prazo outorgado no correspondente requirimento, a dedución será do 10 % da devandita contía.

Para aplicar estas deducións, non será necesario tramitar un procedemento específico distinto ao da xustificación da subvención, senón que se descontará o importe correspondente directamente da contía que se vai librar.

Con todo, a Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lles corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos emitir

as ordes e instrucións que procedan.

Vixésimo primeira. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións por desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada

Logo do acordo ou da resolución de concesión de subvención, e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto da subvención, poderase solicitar un cambio de destino en caso de desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas.

A modificación do destino das subvencións concedidas (cambio de finalidade) estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a. Petición motivada do cambio de finalidade, que se poderá presentar, entre outros, nos seguintes supostos:
 - A denegación ou falta dos permisos, licenzas e autorizacións necesarias para a normal execución do investimento, segundo a normativa aplicable.
 - A obtención de axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran total ou parcialmente o gasto subvencionado.
 - No caso dos investimentos cofinanciados, a denegación das subvencións solicitadas que imposibiliten a execución do investimento.
 - Ter prioridade o financiamento doutro gasto urxente e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo.
 - Calquera outra circunstancia debidamente xustificada.
- b. Acordo do órgano competente do Concello no que se resolva a desistencia (total ou parcial) e o cambio de destino.
- c. Documentación técnica e administrativa do novo investimento.

A modificación do destino das subvencións requirirá a autorización expresa da Deputación, cuxo trámite interno se axustará ao seguinte procedemento:

- a. Informe do Servizo de Cooperación cos Municipios relativo á desistencia (total ou parcial).
- b. Informe da Intervención provincial favorable á desistencia (total ou parcial).
- c. Resolución presidencial pola que se acepta a desistencia (total ou parcial) e se deixa en dispoñible o crédito previamente comprometido para o financiamento do investimento que pretenda acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- d. Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación, por razón do

importe da nova concesión, no que se outorgue unha subvención por cambio de destino, logo dos informes favorables do Servizo de Cooperación cos Municipios e da Intervención provincial.

O crédito procedente dun cambio de finalidade débese comprometer na súa totalidade. Para iso, a petición do cambio de finalidade pola desistencia total ou parcial acompañarase, en todo caso, da nova solicitude de subvención, xunto coa documentación que se dispón na base décimo primeira en función da natureza do investimento.

Vixésimo segunda. Modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos

Logo do acordo ou da resolución de concesión da subvención, e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado, poderase solicitar a modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de adaptar ou actualizar o proxecto, sen que se modifique a tipoloxía inicialmente aprobada, sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas.

Para a modificación, o Concello deberá achegar:

- a. Petición formal motivada, que poderá basearse, entre outras, nas seguintes circunstancias:
 - Adaptación do proxecto ás especificacións técnicas, legais ou regulamentarias aprobadas tras a concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
 - Cumprimento das cautelas ou requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais outorgadas despois da concesión e antes da licitación do investimento.
 - Corrección do proxecto ou da memoria por omisións detectadas despois da concesión e antes da licitación do investimento.
 - Adaptación, redefinición, actualización ou variación dalgún dos conceptos subvencionados recollidos no proxecto ou na memoria antes da licitación do investimento.
 - Calquera outra circunstancia debidamente xustificada.
- b. Acordo ou resolución do órgano competente do Concello no que se aprobe o proxecto, documento técnico ou memoria valorada descritiva do investimento.

A modificación da resolución ou acordo de concesión requirirá a autorización expresa da Deputación, seguindo este procedemento interno:

- Informe favorable de supervisión do proxecto, documento técnico ou memoria valorada descriptiva da actuación que se vai levar a cabo.
- Informes favorables do Servizo de Cooperación cos Municipios e da Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación no que se autorice o proxecto reformulado.

Efectos económicos da reformulación do proxecto:

1. Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha alteración orzamentaria con respecto do proxecto inicial, o órgano competente da Deputación autorizará, tras a aprobación por parte do Concello, o proxecto sen alterar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.
2. Se a reformulación supón unha minoración do custo do proxecto, reducirase proporcionalmente a subvención concedida, agás nos investimentos cofinanciados con fondos propios do Concello nos que, con carácter excepcional e logo da solicitude da entidade municipal, a minoración poderá aplicarse á redución da achega municipal, e manterase inalterado o importe da subvención concedida pola Deputación.

No caso dos investimentos financiados integramente por este plan, o crédito que resultase liberado como consecuencia da minoración do custo do proxecto poderá destinarse a financiar un novo investimento, sempre que se cumpran os limiares económicos previstos na base primeira e se achegue a documentación establecida na base décimo primeira.

No caso dos investimentos cofinanciados con achegas doutras administracións públicas ou con fondos do Plan +Provincia, a minoración do custo do proxecto distribuirase entre as distintas fontes de financiamento na mesma proporción que corresponda á participación de cada unha delas no financiamento do investimento.

Cando a parte da minoración correspondente ao financiamento deste plan acade algún dos limiares económicos establecidos na base primeira, o crédito liberado poderá destinarse a financiar un novo investimento en obras, en subministracións ou adquisición de terreos, segundo corresponda, sempre que o Concello achegue a documentación prevista na base décimo primeira.

3. Se a reformulación supuxese un incremento do custo do proxecto, o Concello deberá asumir o sobrecusto correspondente con fondos propios, con recursos

procedentes doutras administracións públicas ou con axudas da propia Deputación concedidas ao abeiro doutros plans, programas ou convenios, tendo en conta o recollido na base décimo sétima.

Vixésimo terceira. Baixas definitivas

Terá a consideración de baixa definitiva a determinada coa última certificación ordinaria ou, no seu caso, coa certificación final, unha vez xustificado o investimento e fiscalizada a documentación xustificativa coa conformidade da Intervención provincial.

Nos investimentos financiados con achegas do Plan +Provincia, as baixas definitivas distribuiranse entre ambos os plans de acordo coa porcentaxe de financiamento.

Cando os investimentos estean cofinanciados con recursos doutras administracións ou entidades públicas, as baixas definitivas distribuiranse entre as entidades financiadoras en proporción á súa achega económica.

As baixas definitivas poderán destinarse a financiar novos investimentos, sempre que se axusten as actuacións subvencionables previstas na base primeira.

Para destinar unha baixa definitiva a financiar un novo investimento, será necesario que o importe da baixa, considerado individualmente ou acumulado co doutras baixas xeradas no marco deste plan, acade un importe mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €). Para estes efectos, admitirase a acumulación de baixas correspondentes a distintas actuacións ata cada acadar o referido importe mínimo.

As baixas definitivas, individuais ou acumuladas, cun importe igual ou superior a cinco mil euros (5.000,00 €) e inferior a dez mil euros (10.000,00 €), destinaranse a financiar investimentos en subministracións ou adquirir terreos.

Cando o importe da baixa definitiva, individual ou acumulada, sexa igual ou superior a dez mil euros (10.000,00 €), poderá destinarse a financiar investimentos en obras.

Para os efectos de acadar os referidos importes mínimos, admítase a posibilidade de acumular baixas teóricas e definitivas. En todo caso, o crédito da baixa teórica debe dispoñerse na súa totalidade.

Os aforros derivados da liquidación dos investimentos poden incrementárselle ao importe da baixa definitiva para os efectos previstos nesta base.

O reinvestimento das baixas definitivas requirirá:

- Solicitude expresa por parte do Concello.
- Presentación da documentación técnica e administrativa correspondente aos novos investimentos que se pretenden financiar.

A autorización para o reinvestimento das baixas corresponderalle ao órgano competente da Deputación, logo da tramitación do seguinte procedemento:

- Emisión dun informe favorable de supervisións dos proxectos ou memorias obxecto de financiamento.
- Emisión de informes favorables polo Servizo de Cooperación cos Municipios e pola Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autorice a aplicación das baixas aos novos investimentos.

Cando non se acade o importe mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €) previsto nesta base, a baixa definitiva deberá aplicarse no propio investimento de procedencia e poderá destinarse a:

- a) O financiamento das asistencias técnicas ou de calquera gasto inherente á execución da actuación, sempre que non estivesen incluídos na subvención inicialmente concedida e fosen obxecto dunha contratación externa.

En particular, no caso dos honorarios correspondentes á redacción do proxecto, será de aplicación o establecido na base décimo cuarta en relación coas condicións para o seu financiamento.

- b) O financiamento da certificación final.
- c) A minoración da achega municipal nos supostos de investimentos cofinanciados con fondos propios do Concello. Para estes efectos, consideraranse achegas municipais tanto as previstas no acordo ou resolución de concesión da subvención coma as derivadas da reformulación do investimento por incremento do seu custo, así como as resultantes da certificación final ou da aprobación dun proxecto modificado.

Neste último suposto, con carácter previo ao aboamento da subvención, deberá tramitarse e autorizarse expresamente a correspondente modificación positiva do acordo ou resolución de concesión. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para autorizar e resolver estas modificacións, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.

Nos supostos previstos nos apartados a) e b), a entidade local deberá comunicarlle formalmente á Deputación o destino dado á baixa definitiva. Non será necesaria unha autorización expresa do órgano competente da institución provincial, e o importe correspondente será aboado xunto coa última certificación ordinaria ou coa certificación final do investimento, segundo corresponda.

Vixésimo cuarta. Baixas teóricas no financiamento de novos investimentos

Enténdese por “baixa teórica” a producida coa adxudicación do contrato. Enténdese por “novos investimentos” toda proposta do Concello que non garde relación coas actuacións incluídas inicialmente neste IV Plan extraordinario de infraestruturas deportivas.

Nos investimentos financiados con achegas do Plan +Provincia, as baixas teóricas distribuiranse entre ambos os plans de acordo coa porcentaxe de financiamento.

Cando os investimentos estean cofinanciados con recursos doutras administracións ou entidades públicas, a baixa teórica distribuirase entre as distintas entidades financiadoras en proporción á súa achega económica.

As baixas teóricas poderán destinarse a financiar un novo investimento cando o seu importe, considerado individualmente ou acumulado con outras baixas teóricas xeradas ao abeiro deste plan, acade un mínimo de cinco mil euros (5.000,00 €).

No relativo aos limiares económicos que determinan o reinvestimento nunha subministración, adquisición de terreos ou nunha obra, serán de aplicación os previstos na base anterior. Para os efectos de acadar os referidos importes mínimos, admítase a posibilidade de acumular baixas teóricas e definitivas. En todo caso, o crédito da baixa teórica debe dispoñerse na súa totalidade.

Así mesmo, o órgano de contratación comprometerase expresamente a asumir con fondos propios os posibles incrementos de custo da actuación principal derivados da aplicación de modificados, excesos de medición ou asistencias técnicas non previstas no acordo ou resolución de adxudicación.

Para a tramitación destas baixas, será necesario presentar a seguinte documentación:

- Petición expresa por parte do Concello.
- Acordos ou resolución de adxudicación dos contratos.
- Compromiso do órgano de contratación de asumir con fondos propios os posibles incrementos do custo da actuación principal derivados de modificacións contractuais, excesos de medición ou asistencias técnicas non previstas na adxudicación.
- Documentación dos novos proxectos que se pretenden financiar.

O reinvestimento das baixas teóricas requirirá a autorización expresa da Deputación, de acordo co seguinte procedemento:

- Resolución presidencial pola que se declara dispoñible o crédito previamente

comprometido para financiar os novos investimentos que pretende acometer o Concello. Con carácter excepcional, atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.

- Emisión de informes favorables de supervisión dos proxectos, do Servizo de Cooperación cos Municipios e da Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que autorice o reinvestimento da baixa nos novos investimentos.

Vixésimo quinta. Modificación de proxectos e excesos de medición

Se durante a execución das obras xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado.

Para tramitar o proxecto modificado, o Concello achegará:

- Petición da entidade municipal na que se solicita a tramitación do proxecto modificado.
- Proxecto modificado.
- Acordo de adxudicación do investimento e, de ser o caso, o contrato formalizado.
- Informe da dirección de obra que xustifique a necesidade da modificación.
- Aprobación do proxecto modificado polo órgano de contratación.

A conformidade ao proxecto modificado pola Deputación requirirá un trámite interno, que se axustará ao seguinte procedemento:

- Informe de supervisión do proxecto modificado polas persoas facultativas técnicas do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- Informes favorables do Servizo de Cooperación cos Municipios e da Intervención provincial.
- Resolución ou acordo do órgano competente da Deputación que preste a súa conformidade ao proxecto modificado.

Cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello, de contar con ela, deberá empregar a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado.

Se a baixa resultase inexistente ou insuficiente, o Concello poderá asumir con fondos propios o importe que corresponda ou solicitar o emprego das baixas definitivas ao seu favor neste plan (con independencia do remanente acumulado). Neste último caso,

será necesaria a autorización previa do órgano competente da Deputación.

Terán a consideración de exceso de medicións as variacións que, durante a correcta execución da obra, se produzan exclusivamente no número de unidades realmente executadas respecto das previstas nas medicións do proxecto, e sempre que non representen un incremento do gasto superior do 10 % do prezo inicial do contrato.

Os excesos de medicións deberán certificarse de forma separada da última certificación ordinaria, incorporaranse á certificación final e acompañarase do informe da dirección de obra ao respecto.

Os excesos de medición que se financien contra a baixa obtida na adxudicación do contrato do propio investimento serán aboados unha vez supervisada a certificación final polo Servizo de Cooperación cos Municipios e pola Intervención provincial, sen necesidade de autorización previa da Deputación.

Os excesos de medición que se financien coas baixas definitivas a favor do Concello (con independencia do remanente acumulado) procedentes doutros investimentos incluídos no IV Plan extraordinario de infraestruturas deportivas precisarán dunha autorización previa do órgano competente da Deputación.

Vixésimo sexta. Obrigas dos beneficiarios

Os concellos beneficiarios, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG e, en particular, a:

1. Aplicar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento das finalidades que fundamentan a súa concesión.
2. Executar as actuacións obxecto da subvención dentro dos prazos sinalados nestas bases.
3. Facilitar a información e a documentación que, no exercicio das facultades de comprobación e inspección, lles esixa a institución provincial no prazo establecido para o efecto.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra e achegar canta documentación se lles requira no prazo que estableza a institución provincial.
5. Designar a dirección facultativa das obras cando o Concello actúe como órgano de contratación. Calquera modificación na dirección técnica deberá selle comunicar de xeito fidedigno ao organismo provincial.
6. Pagarlles ás e aos acredores ou provedores coa maior dilixencia e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a recepción efectiva dos fondos da

subvención.

7. Comunicarlle á Deputación calquera eventualidade ou incidencia que altere ou dificulte a consecución da finalidade subvencionada, co fin de instar, de ser o caso e coa antelación preceptiva, a modificación da resolución de concesión e da xustificación dos gastos.
8. Notificar a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público, estatal ou internacional.
9. Cumprir a normativa en materia de contratación do sector público e demais normativa de aplicación.
10. Tramitar e obter as autorizacións, concesións e licenzas preceptivas ante os organismos e administracións competentes.
11. Cumprir as prescricións, condicionamentos e requisitos técnicos recollidos nas autorizacións sectoriais.
12. Notificarlle á Deputación, cunha antelación mínima de catro (4) días hábiles, o lugar, a data e a hora do acto de comprobación da acta de comprobación de replanteo, das visitas de obra, da recepción da obra ou subministración e, se procede, da inauguración do investimento.
13. Consignar en todas as accións de comunicación, publicidade e difusión o financiamento da Deputación de Pontevedra.
14. Acreditar a observancia das obrigas de publicidade desde o inicio da execución, mediante a achega de soporte gráfico e documental. Para tal efecto, a entidade local deberá:
 - Incorporar no prego de cláusulas administrativas particulares unha cláusula que estableza a obriga do contratista de instalar un cartel informativo normalizado desde o inicio das obras ata a súa recepción e comprobación material. Será por conta do adxudicatario o custo do cartel, a súa instalación e retirada, mentres que ao Concello lle corresponderá vixiar e comprobar o cumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario e adoptar, se é o caso, as medidas oportunas para garantir o seu cumprimento.
 - Supervisar a correcta instalación dos carteis informativos e comprobar que estes se axustan ás características e aos estándares de imaxe institucional establecidos.
 - Vixiar o correcto estado de conservación dos carteis durante o prazo de

execución das obras e ata a comprobación material do investimento, así como requirirille ao adxudicatario a súa reposición inmediata en caso de deterioración, vandalismo ou subtracción.

- Na adquisición de terreos, deberá instalarse nun lugar visible do terreo un cartel informativo que identifique o financiamento da Deputación. Cando, polas características do terreo, non resulte posible colocar o cartel, a publicidade do financiamento poderá realizarse mediante calquera outro medio que permita dar a coñecer a adquisición, coma a páxina web, notas de prensa, redes sociais ou outros medios de difusión.
- Nos investimentos en subministracións que constitúan un investimento en si mesmo, deberá colocarse nun sitio visible un adhesivo normalizado co logotipo da Deputación. Cando isto non sexa posible pola natureza do investimento, daráselle publicidade a través da páxina web, notas de prensa ou redes sociais, de acordo co disposto no punto seguinte.
- Nas accións de difusión a través de redes sociais, perfís institucionais ou notas de prensa dixitais ou prensa escrita, deberá facerse mención expresa ao financiamento da Deputación de Pontevedra e incorporar, de ser posible, os logos oficiais.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional ditar as instrucións relativas á identidade corporativa. Os modelos normalizados están dispoñibles no portal web www.depo.gal.

En todo caso, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co manual de identidade corporativa vixente no momento da concesión da subvención. O incumprimento de calquera destas obrigas facultará a Deputación para iniciar o correspondente expediente de perda do dereito ao cobro ou reintegro das contías percibidas, sen prexuízo do réxime de deducións que puidese resultar aplicable consonte o disposto na base vixésima.

Vixésimo sétima. Xustificación dos investimentos

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 31 de decembro de 2028, e, en todo caso, fíxase o prazo de xustificación ata o 31 de maio de 2029. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

No caso de que se prorrogue o prazo de execución, tal como se indica na base vixésima, o prazo de xustificación tamén se ampliará.

O importe da subvención pagaráselle ao Concello á vista das certificacións de

execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación cos Municipios e Intervención da institución provincial. Os investimentos realizados estarán sometidos á comprobación explícita da execución por parte dos servizos técnicos provinciais, que verificarán as certificacións de obras e as facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo. Así mesmo, poderánselles solicitar informes a outros servizos da Deputación competentes en razón da materia.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, reserva as facultades de inspección e comprobación das obras.

O pagamento das subvencións farase de acordo coa porcentaxe de subvención determinada na fase de concesión. En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento que se tivo en conta para a concesión, o pagamento das subvencións reducirase proporcionalmente.

O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>) mediante o modelo “achega de documentación xustificativa”, dispoñible en “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude” no citado enderezo web.

Toda a documentación deberá estar asinada polo órgano competente e cumprir os requisitos establecidos pola normativa vixente en materia de contratación pública, procedemento administrativo e obrigas de facturación.

Documentación xustificativa das obras

A primeira certificación de obra (no modelo normalizado da Deputación ou similar) e a súa factura deberán acompañarse, sempre que non conste previamente no expediente, do seguinte:

- Acordo ou resolución de aprobación do proxecto técnico polo órgano competente.
- Acta de trazado previo (anexo I), nos supostos nos que resulte esixible.
- Acreditación da cesión, concesión administrativa ou autorización, cando a concesión quede condicionada a esta circunstancia.
- Acreditacións das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos preceptivos.

E da seguinte documentación:

- Acordo ou resolución de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Acordo ou resolución de adxudicación do contrato.
- Contrato, de ser obrigatorio.
- O nomeamento da asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde e, no seu caso, os contratos ou acordos de adxudicación.
- Acta de comprobación da implantación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade consonte o establecido nas bases vixésima e vixésimo sexta.
- Certificado expedido pola ou polo funcionario público competente no que se sinale que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que para cada procedemento se establecen na lexislación de contratos.
- A declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando non se empregue o formulario dispoñible na Sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

As certificacións intermedias e facturas deberán ir acompañadas do acordo ou resolución de aprobación das correspondentes certificacións.

E, xunto coa última certificación ordinaria ou factura, achegaranse:

- Acordo ou resolución de aprobación da certificación e da súa factura.
- Acta de recepción conforme á normativa de contratos do sector público.
- Informe de fin de obra emitido pola dirección facultativa, con independencia de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste informe explicaranse e xustificaranse as posibles variacións producidas e toda incidencia que deba ser resaltada.

Se o informe de fin de obra recolle variacións que dean lugar a excesos de medicións, este acompañarase da certificación final, da correspondente factura e da súa aprobación.

- Informe da dirección facultativa ou do persoal técnico municipal acreditativo do cumprimento das condicións impostas nas autorizacións sectoriais, cando proceda.

- Certificación acreditativa ou informe da dirección facultativa sobre as melloras executadas, no caso de habelas.
- Certificación acreditativa do conxunto de axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Nova acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade.
- Nova declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social e coa Deputación.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para comprobar que se executou correctamente.

Documentación xustificativa das obras que se adxudiquen mediante contratos menores

Nos investimentos en obras adxudicadas mediante contrato menor, nos termos previstos no artigo 118 da lexislación de contratos do sector público, a xustificación deberá acompañarse da documentación que se relaciona a continuación:

Sempre que non conste previamente no expediente:

- Acordo ou resolución de aprobación do proxecto ou documento técnico análogo polo órgano competente.
- Acta de trazado previo (anexo I), nos supostos nos que resulte esixible.
- Acreditación da cesión, concesión administrativa ou autorización, cando a concesión quede condicionada a esta circunstancia.
- Acreditacións das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos preceptivos.

E da seguinte documentación:

- Certificación de obra e a factura, ou unicamente a factura, que deberá cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora das obrigas de facturación, con suficiente detalle das unidades executadas, conceptos e prezos unitarios. Evitaranse descrições xenéricas ou indeterminadas que dificulten a comprobación formal e material do investimento
- Acordo ou resolución de aprobación da certificación de obra ou da factura correspondente.
- Acordo ou resolución de adxudicación do contrato.
- Nomeamento da dirección facultativa; agás cando, pola técnica sinxela da obra ou pola súa escasa entidade construtiva ou económica, non se precise contar

con ela, do que se deixará constancia no expediente.

- De contar con ela, acta de comprobación da implantación.
- Acta de recepción conforme á normativa de contratos do sector público.
- Informe final da dirección de obra ou, no seu defecto, do persoal técnico municipal, con independencia de que existan ou non variacións respecto ao proxecto ou á memoria inicial. De existiren excesos de medición, o informe acompañarase da correspondente factura, da certificación final (se fose o caso) e da súa aprobación.
- Informe da dirección facultativa ou do persoal técnico municipal sobre o cumprimento dos condicionamentos impostos polas autorizacións sectoriais, de ser o caso.
- Acreditación da publicidade do financiamento da Deputación mediante soporte fotográfico do panel de obra instalado.
- Certificación da Secretaría ou Intervención municipal de que non se percibiron outras subvencións para a mesma finalidade ou, en caso contrario, detalle do financiamento obtido.
- Certificación do cumprimento normativo emitida pola persoa funcionaria competente, na que se acredite que se respectaron os requisitos mínimos da lexislación de contratos segundo a tipoloxía do procedemento.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando non se empregue o formulario dispoñible na Sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

Documentación xustificativa dos investimentos en subministracións

No caso dos investimentos en subministracións, será necesario achegar a documentación que se especifica a continuación :

- Factura que cumpra os requisitos establecidos na normativa reguladora das obrigas de facturación, con detalle suficiente das unidades, conceptos e prezos unitarios.
- Acordo ou resolución de aprobación da factura.
- Acordo ou resolución de adxudicación do contrato, cando o importe da actuación sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Contrato, de ser necesario.
- Acta de recepción no modelo normalizado ou similar. Non obstante, no caso dos contratos menores, esta poderá substituírse pola factura conformada pola persoa funcionaria responsable da comprobación material do investimento, con identificación do seu nome, cargo e sinatura. Este trámite constituirá a

constatación do cumprimento do contrato.

- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación.
- Certificación acreditativa do conxunto de axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se sinale que, segundo a tipoloxía do contrato, se respectaron os requisitos mínimos que se establecen para cada procedemento na lexislación de contratos.
- No caso das subministracións afectadas pola normativa sectorial que requiran obter unha autorización, e sempre que esta non se presentase con anterioridade, deberá achegarse a documentación que acredite a súa obtención, acompañada dun informe do persoal técnico municipal no que se faga constar o cumprimento das condicións establecidas nesta.
Así mesmo, cando a concesión quedase condicionada á aprobación da memoria valorada e esta documentación non se achegase previamente, deberá presentarse o correspondente acordo de aprobación.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando non se empregue o formulario dispoñible na Sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

Documentación xustificativa da adquisición de terreos

Para xustificar a adquisición de terreos, o Concello deberá achegar a seguinte documentación:

- Escritura pública de compravenda. No caso de que a adquisición do ben se realizase mediante un procedemento de expropiación, o Concello deberá achegar a documentación acreditativa da aprobación do expediente de expropiación, as correspondentes actas de ocupación e a documentación que acredite o pagamento ou, se é o caso, a consignación da indemnización correspondente.
- Facturas correspondentes aos gastos notariais, rexistrais, periciais asociados á adquisición, así como a documentación acreditativa da súa aprobación polo órgano competente do Concello, sempre que estes custos estean contemplados na memoria valorada e xustificativa da adquisición.
- A certificación da Secretaría ou da Intervención municipal de que non se percibiron outras subvencións para a mesma finalidade ou, en caso contrario, detalle do financiamento obtido.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, de conformidade coas condicións establecidas na base vixésimo sexta.

- Certificación da Secretaría municipal na que se faga constar que a adquisición dos terreos se realizou de conformidade co disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, ou coa normativa que resulte de aplicación.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando non se empregue o formulario dispoñible na Sede electrónica, sen prexuízo do disposto na base décima.

Documentación xustificativa das asistencias técnicas

Cando a subvención inclúa gastos por asistencias técnicas, deberá presentarse:

- Factura correspondente aos servizos prestados.
- Acordo ou resolución de aprobación da factura.
- Acordo ou resolución de adxudicación, cando o importe sexa igual ou superior a seis mil euros (6.000,00 €).
- Contrato ou aceptación expresa do adxudicatario, cando resulte obrigatorio.

Respecto aos honorarios correspondentes á redacción do proxecto, terase en conta o establecido na base décimo cuarta en relación coas condicións para o seu financiamento.

En caso de que o Concello non xustifícase o gasto realizado ou executase o investimento subvencionado máis alá do prazo de execución establecido nesta base, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.

Se o beneficiario da subvención non presentase a documentación xustificativa no prazo establecido nesta base, requiriráselle de inmediato que a achegue nun prazo improrrogable de quince (15) días hábiles. A presentación da documentación xustificativa, unha vez transcorrido este prazo adicional, dará lugar á aplicación dunha dedución do 5 % sobre o importe da subvención que corresponda aboar.

Para aplicar estas deducións, non será necesario tramitar un procedemento específico distinto ao da xustificación da subvención; descontarase o importe correspondente directamente da contía que se vai librar.

A dedución prevista neste apartado será compatible, de ser o caso, coa que proceda polo incumprimento das obrigas de difusión establecidas na base vixésima.

Vixésimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases serán compatibles con outras axudas públicas ou achegas de particulares destinadas á mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos

os fondos comunitarios, sempre que o seu importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo total da actuación subvencionada.

Para estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no 33 do seu regulamento, o beneficiario ten a obriga de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a mesma finalidade.

Se, unha vez concedida a subvención pola Deputación, o Concello obtivese financiamento adicional para o mesmo investimento e este estivese cofinanciado con fondos propios municipais, o financiamento adicional aplicarase, con carácter excepcional e logo da solicitude da entidade municipal, á minoración da achega do Concello, e o importe da subvención concedida pola Deputación manterase inalterado. No caso de que, tras a aplicación do financiamento adicional á minoración da achega municipal, continuase existindo un exceso de financiamento respecto do custo total do investimento, este exceso aplicaráselle á redución da subvención concedida pola Deputación.

Vixésimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito ao cobro, total ou parcial, das subvencións concedidas ao abeiro destas bases nos supostos e nos termos previstos na normativa en materia de subvencións, en particular nos artigos 36 e seguintes da LXS e no 29 da OXSDPPO.

Constitúen causas específicas de perda do dereito ao cobro ou de reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das previstas con carácter xeral, as seguintes:

- O incumprimento da normativa en materia de contratación pública.
- O incumprimento da obriga de comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións.
- O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión do financiamento público recibido.
- A falta de obtención das autorizacións sectoriais ou licenzas necesarias para executar os investimentos.
- O incumprimento das condicións establecidas nas devanditas autorizacións ou licenzas.

Trixésima. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o

ditase, no prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Alternativamente, poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, ao abeiro do disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da devandita lei.

Trixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>).

Así mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será o órgano encargado de trasladarlle o correspondente extracto ao BOPPO.

Trixésima segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.